



NUMAX PRESENTA:

65 | MAIO 2023



Librería

En maio, as nosas letras en flor

Francisco Fernández del Riego Letras Galegas 2023

Avogado de profesión, foi unha das figuras máis relevantes do ensaio e a crítica literaria galega. Comezou a militar nas filas do galeguismo durante o período republicano, intervindo en diversos proxectos do grupo Nós e o Seminario de Estudos Galegos. Xunto con Ramón Piñeiro e Xaime Illa Couto, foi un dos principais artífices da Editorial Galaxia (1950), editorial que liderou o proceso de restauración cultural na posguerra.



Debuxo de Maside



A Xeración Galaxia Francisco Fernández del Riego

GALAXIA
18,50 EUROS



Francisco Fernández del Riego. O legado silandeiro.

XERAIS
12,95 EUROS



De Compostela ao exilio interior: Francisco Fernández del Riego

ALVARELLOS
23 EUROS



Unha historia da arte galega Carlos López Bernádez

LAIVENTO
44,95 EUROS




**Breogan
Citadel**
Stevie Porter
MENINO MORREU
15 EUROS



**A inmoral
doutora Cons**
Roberto
Fernández
Álvarez
AIRA EDITORIAL
21,90 EUROS




**Mulleres
espontaneadas**
Ángel Arcay
BAÍA EDICIÓNS
12 EUROS



**Coa man
esquerda**
Xabier Quiroga
XERAIS
17,95 EUROS



**Nos días
encantados de
agosto. Unha
biografía de José
Gil.**
Manolo González
GALAXIA | 26 EUROS



**Non estamos
quebrades**
Nee Barros
CUARTO
DE INVERNO
15,50 EUROS



**Quería
contarche o que é
unha casa**
María do Cebreiro
Rábade Villar
CHAN DA PÓLVORA
23 EUROS



Lixeiro
Ismael Ramos
XERAIS
12,50 EUROS



**MARTES 2 DE MAIO
ÁS 20:00H**

Presentación de *Dibujo, luego pienso* de **Javirroyo** (Lumen) co autor acompañado da ilustradora Sandra Lodi.



**MÉRCORES 24 DE
MAIO ÁS 20:30H**

Presentación de *Tesouro Espeleolóxico* (A Central Folque) cos autores **Alba Cide** e **Xavier Groba**



**XOVES 25 DE MAIO
ÁS 20:30H**

Presentación do ensaio *La edad bajo sospecha* (Catarata) coa autora **Teresa Moure**



A festa equivocada

Fran P. Lorenzo
RODOLFO E PRISCILA
19,50 EUROS



O cento voando...

Andrea Nunes e Ánxela Lema (coords.)

XERAIS | 19,95 EUROS



O gran libro da nosa horta

Blanca García
CUMIO
19,95 EUROS



Violeta Paraplúie e outras historias dexente pouco corrente

Ramón D. Veiga
EMBORA EDICIÓN S
14 EUROS

Veladas Analóxicas

01

O engano



Librería NUMAX
Xoves 11 de maio
ás 20h30

Xiana
Arias
+ Elena
Duque

NUMAX



A cor das
palabras
2023

—
Encontros
con cineastas

Pablo Marín

Unha poética
do espazo.
A revolución
do Super 8
no cinema
arxentino



Domingo 28
de maio ás 11:30

—
Cinema NUMAX





Cinema



Filme
do mes:

A FILLA ETERNA ESTREA 12 MAI

Joanna Hogg, 96', VOSE, ING

Con Tilda Swinton, Joseph Mydell

Unha muller e súa anciá nai deben enfrontarse a segredos agochados hai moito tempo cando regresan á súa antiga casa familiar, unha vella e gran mansión que se converteu nun hotel case baleiro e cheo de misterio. Nova lección de interpretación da gañadora do Oscar Tilda Swinton, desta volta nun papel dobre e ás ordes da sempre suxestiva Joanna Hogg (*The Souvenir*)

🏆 **Sección Oficial Venecia 2022**



Estreas



O MEU CRIME ESTREA 5 MAI

François Ozon, 102', VOSE, FR, +12

Con Isabelle Huppert, Dany Boon

No París dos anos 30, Madeleine, unha actriz fermosa, nova, pobre e sen talento é acusada de asasinar un famoso produtor. Coa axuda da súa mellor amiga Pauline, unha avogada sen traballo, resulta absolta en lexítima defensa. porén, a verdade está a piques de descubrirse.

O TRÍO EN MI BEMOL ESTREA 5 MAI

Rita Azevedo Gomes, 127', VOSE, FR, TP

Con Rita Durão, Pierre Léon

Paul e Adélia, antigos amantes, vense decote para lembrar o seu pasado cando eran parella, parolar sobre as novidades amorosas dela ou discutir sobre música: Adélia adora o rock e a Paul pérdoo a música clásica. Encontros, desencontros e unha melodía que os une cada vez máis...

🏆 Mellor Filme Mar del Plata 2022

SICA

ESTREA 19 MAI

Carla Subirana, 91', GAL, VO, +7

Con Thais Garcia, Núria Prims

Sica está obsesionada con que o mar devolva o corpo de seu pai tras un naufraxio na Costa da Morte. Mentres percorre os cantís coñece a Suso, un rapaz raro como ela que espera a chegada de Ofelia, a nai de todas as tormentas.

🏆 Generation K-Plus Berlinale 2022

INCRIBLE PERO CERTO

ESTREA 25 MAI

Quentin Dupieux, 74', FR, VOSE, +12

Con Alain Chabat, Léa Drucker

Conseguir vivenda hoxendía é unha auténtica odisea. Se cadra por iso, Alain e Marie non dudan en mercar unha casa que o ten todo, mesmo un soto con estrañas propiedades. Volve o humor excéntrico de Quentin Dupieux (*Mandíbulas*).

🏆 Mellor Guión Sitges 2022



📅 21 MAI | Coa presenza da directora





EXTRAÑA FORMA DE VIDA

CURTAMETRAXE | ESTREA 26 MAI

Pedro Almodóvar, 31', ING, VOSE

Con Ethan Hawke, Pedro Pascal

Pedro Almodóvar agasállanos cun western gravado no deserto de Tabernas que colle para o título o fado de Amalia Rodrigues. Silva cruza o deserto na busca do sheriff Jake. 25 anos atrás ambos traballaron como pistoleiros a soldo. Pero o motivo da visita non é recordar a súa vella amizade...

🏆 **Première Cannes 2023**

Pases especiais



DE HUMANIS CORPORIS FABRICA PASE ÚNICO 26 MAI

Lucien Castaign-Taylor / Verena Paravel, VOSE, ING

Hai cinco séculos, o anatomista Andrés Vesaliu abriu o corpo humano á ciencia por vez primeira na historia. Hoxe, *De Humanis Corporis Fabrica* abre o corpo humano ao cinema. Revela que a carne humana é unha paisaxe extraordinaria que só existe a través da ollada e a atención dos demais.

🏆 **Quincena dos Realizadores Cannes 2022**

PERCORRIDO POLO CINEMA EXPERIMENTAL ARXENTINO DOS ÚLTIMOS 50 ANOS PASE ÚNICO 27 MAI

VV.AA., VO, ESP

Co gallo da súa visita para ofrecer o encontro A cor das palabras, o profesor e investigador arxentino Pablo Marín programa e presenta unha selección de curtametraxes que exploran a importancia do Súper 8 no cinema experimental arxentino. A sesión inclúe pezas de Narcisca Hirsch, Jorge Honik, Claudio Caldini ou Pablo Mazzolo.

Tempada de Arte




FRIDA KAHLO 29-30 MAI

Ali Ray, 90', VOSE, ING

Documental que explora o simbolismo e os temas das pinturas dunha das iconas femininas máis importantes: Frida Kahlo. As súas coroas de flores, poboadas cellas e vestimentas tradicionais mexicanas fixeron de Frida a musa de varias xeracións.

Os ollos verdes



ETERNA PASES ÚNICOS 8 E 15 MAI

Juanma Sayalonga, David Sainz, 99', VO, ESP
Con Gata Cattana, Juancho Marqués

Documental sobre a vida e obra da rapeira Gata Cattana, que aborda os aspectos máis fundamentais da súa vida e inxerencias humanas e artísticas a través da súa familia, amizades ou personalidades da cultura.

🏆 **Gran Premio do Xurado Sevilla 2022**

LOS CABALLOS MUEREN AL AMANECER 22 E 29 MAI

Ione Atenea, 81', VO, CAT, TP

Cando Ione entra a vivir na casa dos defuntos irmáns García, descobre que as súas vidas continúan latentes nos obxectos. Antonio era un debuxante de cómics, Rosita cantante de ópera e pianista. Co seu irmán Juanito, converteron o seu fogar nun espazo no que escapar da realidade gris da ditadura franquista.



Retrospectiva Kinuyo Tanaka




CARTA DE AMOR PASE ÚNICO 30 MAI

Kinuyo Tanaka, 98', VOSE, XAP, 1953

Con Masayuki Mori, Yoshiko Kuga

Reikichi Mayumi atopa un novo traballo cinco anos despois do remate da Segunda Guerra Mundial. Vai escribir cartas de amor doutras persoas. As súas ideas sobre o amor e os seus principios persoais poranse a proba cando atopa a súa ex-moza, Michiko, unha muller cun pasado escuro marcado pola guerra.

Petís NUMAX



O INCIDENTE ALIENÍXENA DO PEQUENO ALAN 13-14 MAI

Amalie Næsby Fick, 85', VE, ESP, +5

Ao divorciarse seus pais o pequeno Alan cambia de piso e vai vivir a unha nova cidade. Ten moitas ganas de facer novas amizades o que o leva a facer de antena para o seu veciño, un señor que está fascinado polos ovnis.

🏆 **Mellor Filme Infantil Danish Film Award 2023**

Xhanfise Keko. O mundo para a infancia (1973-1984)



i Presenta Denise Keko,
neta da cineasta



TOMKA E OS SEUS AMIGOS

PASE ÚNICO 2 MAI

Xhanfise Keko, 80', VOSE, AM, 1977
Sotiraq Çili, Pavlina Oça

Tomka e os seus amigos xogan no seu campo de fútbol até que un día os nazis invaden a vila e empregan o campo como almacén de munición. A escenificación da guerra borra o xogo infantil, algo que o grupo non está disposto a aceptar.

MIMOZA CAPRICHOSA

PASE ÚNICO 9 MAI

Xhanfise Keko, 42', VOSE, AM, 1973
Con Zhaklina Dhimojani, Violeta Manushi

Mimoza é unha nena que non quere compartir os seus xoguetes, estraga o xogo no patio e é coñecida como a malcriada. Comeza a sentirse soa e decátase de que bota en falta a ledicia achegada polo xogo en grupo.

BENI CAMIÑA SÓ

PASE ÚNICO 16 MAI

Xhanfise Keko, 78', VOSE, AM, 1975
Con Zhaklina Dhimojani, Violeta Manushi

Os pais de Beni non lle deixan xogar na rúa e o pequeno perdeu o contacto coa vida cotiá. O seu tío acode desde a aldea para levalo de vacacións estivais. Alí Beni conecta coa natureza e volve aos poucos á vida nesta fábula de crecemento e transformación persoal.

TAULANT QUERE UNHA IRMÁ **PASE ÚNICO 23 MAI**




Xhanfise Keko, 75', VOSE, AM, 1984
Con Ylika Mujo, Viktor Zhusti

Os pais de Taulant son dous intelectuais a quen seu fillo tenta convencer da súa soidade. Ante a nula resposta dos pais o pequeno resolve el mesmo a situación, aforra diñeiro e acode ao hospital materno para mercar unha irmanciña.

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela

www.numax.org

   Síguenos en @numaxcoop


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAA Agencia
GGGGGG Gráfica
